

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 17 DE DECEMBRO DE 2014.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 17 de decembro de 2014, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. (PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

MARÍA DEL CARMEN REY TUÑEZ. (PSG-PSOE).

RAMÓN RODRÍGUEZ ROMARÍS. (PSG-PSOE)

JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. (PSG-PSOE)

PATRICIA VÁZQUEZ LAMAS. (PSG-PSOE)

JOSÉ BOUZAS ESPARÍS. (PSG-PSOE)

JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. (PSG-PSOE)

JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS. (PSG-PSOE)

MERCEDES GLORIA VÁZQUEZ GARCÍA. (PP)

BEATRIZ CASTRO REY. (PP)

SATURNINO ABETE REDONDO. (PP)

RAMÓN CARRO OTERO. (PP)

XESÚS PENA ESPIÑA.(BNG)

Secretario: JAVIER NIEVES GONZÁLEZ, secretario do Concello.

Asiste a interventora do Concello ANA MARÍA GÓMEZ PEÑA.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 26.11.2014.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 10.10.2014 AO 12.12.2014.

3º) MOCIÓN.

4º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 26.11.2014.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo á acta da sesión do 26 de novembro de 2014.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que na páxina 7 na súa exposición onde di 7% debe dicir 0,7%.

Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos trece membros presentes acorda aprobala coa corrección de erros sinalada.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 10.10.2014 AO 12.12.2014.

Pola alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben.

10.10.14.- Autorización para a celebración da festa do Pilar no Tremo - Os Ánxeles, o día 12 de outubro.

10.10.14.- Aprobación da liquidación das taxas da Xunta de Goberno Local celebrada o 07.10.2014.

10.10.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 11.817,66 euros (facturas varias).

10.10.14.- Aprobación da conta xustificativa da subvención concedida para a participación na prevención de incendios forestais mediante a realización de tratamentos preventivos en vías e camiños de titularidade municipal cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).

10.10.14.- Inicio expediente sancionador de tráfico.

13.10.14.- Altas e baixas nas actividades de prevención e inserción para o curso 2014-15.

13.10.14.- Autorizar o uso das instalacións deportivas no curso académico 2014/2015 ao CEIP de Pedrouzos e concesión de bonificación.

13.10.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 1.750 euros (autocares Modesto Riveiro).

13.10.14.- Aprobación da conta xustificativa da subvención concedida para a promoción da información xuvenil e para a realización de actividades dirixidas á xuventude no ámbito da educación non formal e da participación durante o ano 2014.

14.10.14.- Aprobación da conta xustificativa da subvención concedida para a promoción do uso da lingua galega.

15.10.14.- Adxudicación de horas dispoñibles no servizo de axuda no fogar para persoas dependentes a un veciño.

15.10.14.- Autorización a un funcionario para a prolongación no servizo activo.

16.10.14.- Inicio de expediente de prórroga do contrato de servizos de gabinete de comunicación do Concello de Brión.

17.10.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 7.189,81 euros (Gas Natural Servicios SDG).

17.10.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 8.727,57 euros (Gas Natural SUR SDG).

17.10.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 14.749,90 euros (facturas varias).

17.10.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 60.460,87 euros (facturas varias).

17.10.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 36,30 euros (Cableuropa SAU).

21.10.14.- Concesión de anticipo a un traballador.

21.10.14.- Requirimento de limpeza dunha finca en Busto de Frades.

22.10.14.- Remisión ao xulgado contencioso - administrativo de expediente sobre reposición da legalidade urbanística por mor da colocación de trancas (madeiros) nun camiño na aldea de Busto de Frades.

22.10.14.- Encomendar a defensa e representación do Concello no xulgado contencioso-administrativo ao letrado Carlos Abal Lourido en relación ao recurso contencioso sobre reposición da legalidade urbanística por mor da colocación de trancas (madeiros) nun camiño na aldea de Busto de Frades.

22.10.14.- Modificación de cota para o curso 2014-2015 a un veciño e usuario da escola infantil municipal.

22.10.14.- Inicio procedemento sancionador de tráfico.

23.10.14.- Aprobación provisional do padrón fiscal das taxas polos servizos de subministración de auga, saneamento, depuración de augas residuais e canon de auga, correspondente ao 3º trimestre de 2014.

23.10.14.- Inadmisión a trámite dun escrito de limpeza de fincas xa que o denunciado non está incumprindo coas obrigas previstas na Lei 3/2007.

23.10.14.- Inicio expediente de limpeza no Paseo de Pedrouzos.

23.10.14.- Aprobación da xustificación presentada e recoñecemento da obriga do Concello coa Asociación Mulleres Xuntanza polo importe de 1.800 €

23.10.14.- Aprobación da xustificación presentada e recoñecemento da obriga do Concello coa Asociación de Caza Altamira polo importe de 2.200 €

27.10.14.- Aprobación da memoria valorada das obras de: melloras e mantemento de camiños rurais interiores e pistas de comunicación entre distintos núcleos no Concello de Brión, e solicitude de subvención á Deputación.

27.10.14.- Aprobación do expediente de contratación do contrato de servizos de coordinación da seguridade e saúde das obras que contrate ou execute por administración o Concello de Brión.

27.10.14.- Inicio expediente de limpeza en Guitiande.

27.10.14.- Inicio expediente de limpeza en Lamiño.

27.10.14.- Inicio expediente de limpeza en Tembra.

27.10.14.- Baixa definitiva do recibo da taxa de recollida do lixo correspondente ao ano 2014 dun veciño.

28.10.14.- Arquivo de expediente por presunta queima sen autorización feita o 23 de xuño.

28.10.14.- Baixa definitiva dos recibos da taxa de recollida do lixo entre os anos 2001 e 2014 dunha veciña.

28.10.14.- Inicio do procedemento de adxudicación do contrato privado de seguro de responsabilidade civil xeral do Concello.

29.10.14.- Incorporación dun veciño no servizo de xantar na casa.

29.10.14.- Incorporación dun veciño no servizo de axuda no fogar.

30.10.14.- Inicio do procedemento de adxudicación do contrato privado de seguro de bens (continente e contido) do Concello.

30.10.14.- Baixa definitiva dos recibos da taxa de recollida do lixo entre o ano 2006 e o ano 2014 dunha veciña.

30.10.14.- Inadmisión a trámite dun escrito presentado por un veciño, xa que o denunciado non está incumprindo coas obrigas previstas na Lei 3/2007.

30.10.14.- Pago nóminas mes de outubro.

30.10.14.- Recoñecemento de gratificación a un funcionario.

30.10.14.- Ingreso de 300 € a favor do Xulgado de Primeira Instancia de Santiago por cumprimento de embargo a un traballador.

30.10.14.- Recoñecemento de trienios a laborais.

31.10.14.- Inicio de expediente de prórroga do contrato de servizos de consultoría e asistencia técnica en materia de recursos humanos para o Concello de Brión.

31.10.14.- Inicio de expediente de prórroga do contrato de servizos de axuda no fogar do Concello de Brión.

03.11.14.- Baixa definitiva do recibo da taxa de recollida do lixo correspondente ao ano 2014 dunha veciña.

03.11.14.- Inicio expediente informativo a un traballador do Concello.

03.11.14.- Modificación na dirección na que figura empadroado un veciño no padrón de habitantes.

03.11.14.- Altas no padrón de habitantes do mes outubro.

03.11.14.- Baixas no padrón de habitantes do mes outubro.

03.11.14.- Aprobación da liquidación das taxas polos gastos de adquisición de papel numerado oficial da Xunta de Galicia polo importe total de 120 €.

03.11.14.- Alta dunha veciña no servizo de axuda no fogar.

03.11.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 97,12 euros (Comunidade de Propietarios Agro Novo).

03.11.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 120 euros (papel numerado Xunta de Galicia).

03.11.14.- Convocatoria Xunta de Goberno Local a celebrar o 4 novembro.

03.11.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 221,86 euros (facturas varias).

04.11.14.- Aprobación de prórroga do contrato de servizos de gabinete de comunicación do Concello de Brión con Loreto Vázquez Lemos.

04.11.14.- Inicio expediente de limpeza en Vioxo de Abaixo.

05.11.14.- Remitindo a unha concelleira copia dos gastos ocasionados pola carreira pedestre 2014.

05.11.14.- Requirimento de limpeza de finca en Aguiar.

05.11.14.- Inadmitir a trámite o escrito presentado por un veciño, xa que o denunciado non está incumprindo coas obrigas previstas na Lei 3/2007.

05.11.14.- Inadmitir a trámite o escrito presentado por un veciño, xa que o denunciado non está incumprindo coas obrigas previstas na Lei 3/2007.

05.11.14.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación dos servizos da escola infantil municipal correspondentes ao mes de novembro.

05.11.14.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio a dependentes correspondente ao mes de outubro.

05.11.14.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de outubro.

05.11.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 77.898,52 euros (facturas varias).

05.11.14.- Traslado de expediente de baixa de oficio ao Consello de Empadronamento.

06.11.14.- Inicio expediente de baixa de oficio por inscrición indebida no padrón de habitantes do Concello.

06.11.14.- Inicio expediente sancionador de tráfico.

06.11.14.- Inicio execución das obras: limpeza de aldeas en Brión 2014.

07.11.14.- Aprobación de prórroga do contrato de servizos de: consultoría e asistencia técnica en materia de recursos humanos para o Concello de Brión, coa empresa Galivalia Consulstgo S.L.

07.11.14.- Incorporación ao servizo de axuda no fogar básico dunha veciña.

07.11.14.- Aprobación da liquidación das taxas da Xunta de Goberno Local celebrada o 5 de novembro.

11.11.14.- Aprobar o expediente de contratación e pregos administrativos, mediante procedemento negociado sen publicidade, do contrato privado de seguro de bens (continente e contido) do Concello.

11.11.14.- Aprobar o expediente de contratación e pregos administrativos, mediante procedemento negociado sen publicidade, do contrato privado de seguro de responsabilidade civil xeral do Concello.

11.11.14.- Incorporación ao servizo de xantar na casa dun veciño.

11.11.14.- Solicitud dunha subvención para o desenvolvemento de programas de envellecemento activo para as persoas maiores no ano 2015 á Deputación.

12.11.14.- Inicio de expediente de responsabilidade patrimonial do Concello.

12.11.14.- Baixa definitiva dos recibos da taxa de recollida do lixo correspondente aos anos 2013 e 2014 dun veciño.

12.11.14.- Resolución de inicio procedementos sancionadores de tráfico.

13.11.14.- Concesión dun anticipo a un traballador.

14.11.14.- Concesión dunha axuda de emerxencia social a unha veciña.

14.11.14.- Estimación de recurso de reposición e aprobación de nova liquidación por licenza de legalización de obra maior.

14.11.14.- Aprobación da certificación da obra: instalación de pavimento continuo no parque infantil da urbanización de Agro Novo.

14.11.14.- Solicitud dunha subvención para o desenvolvemento de servizos sociais no ano 2015 á Deputación.

14.11.14.- Devolución de ingresos indebidos a unha veciña por importe de 60,00 euros (prezo público pola actividade de ioga).

14.11.14.- Devolución de ingresos indebidos a un veciño por importe de 80,00 euros (prezo público pola actividade obradoiro de pintura).

14.11.14.- Devolución de ingresos indebidos a unha veciña por importe de 44,80 euros (prezo público pola actividade de música).

14.11.14.- Devolución de ingresos indebidos a unha veciña por importe de 35 euros (prezo público para a realización das probas para a obtención do ECDL).

14.11.14.- Devolución de ingresos indebidos a unha veciña por importe de 22,40 euros (prezo público pola actividade de música).

14.11.14.- Devolución de ingresos indebidos a un veciño por importe de 50 euros (prezo público actividade inscrición de carreira pedestre).

14.11.14.- Devolución de ingresos indebidos a un veciño por importe de 20 euros (prezo público actividade de baile moderno).

14.11.14.- Devolución de ingresos indebidos a un veciño por importe de 40 euros (prezo público actividade de baile moderno).

17.11.14.- Estimación de reclamación de responsabilidade patrimonial por importe de 239,37 €, ive incluído.

17.11.14.- Incorporación ao padrón de recollida do lixo do ano 2015 dun inmobile sito no lugar de Cabanas.

17.11.14.- Paralización da obra de construción de galpón no lugar de Souto.

17.11.14.- Aprobación do orzamento do programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios básicos para o ano 2015 e adhesión ao programa da Deputación.

17.11.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 36,30 euros (Cableuropa,S.A.U).

18.11.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 54.440,22 euros (cota setembro e outubro Mancomunidade Serra do Barbanza).

21.11.14.- Convocatoria de sesión extraordinaria do Pleno a celebrar o 26 de novembro.

21.11.14.- Aprobación definitiva do padrón fiscal conxunto das taxas por servizos de subministración de auga, saneamento, depuración de augas residuais e canon de auga, correspondente ao 3º trimestre de 2014.

21.11.14.- Incorporación ao servizo de axuda no fogar básico dun veciño.

21.11.14.- Solicitud de subvención para o desenvolvemento de políticas de igualdade entre mulleres e homes e de loita contra a violencia de xénero no ano 2015 á Deputación.

24.11.14.- Participación no plan marco: programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2014-2015, financiado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural.

24.11.14.- Solicitud de subvención para realizar actividades culturais no ano 2015 á Deputación.

24.11.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 6.007,27 euros (Gas Natural Servicios SDG, S.A).

24.11.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 10.251,19 euros (Gas Natural S.U.R. SDG, S.A).

25.11.14.- Aprobación do proxecto de: mellora e mantemento de camiños rurais interiores e pistas de comunicación entre distintos núcleos no Concello de Brión, e solicitude de subvención á Deputación.

26.11.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 83.106,00 euros (facturas varias).

27.11.14.- Pago de nóminas mes de novembro.

27.11.14.- Recoñecemento de trienios a un laboral.

27.11.14.- Ingreso de 300 € a favor do Xulgado de Primeira Instancia de Santiago por cumprimento de embargo a un traballador.

28.11.14.- Declarar definitivamente adoptado o acordo de aprobación da modificación da ordenanza fiscal núm. 1-I reguladora do imposto sobre bens inmobles.

28.11.14.- Declarar definitivamente adoptado o acordo de aprobación da modificación da ordenanza fiscal núm. 3-I reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

28.11.14.- Declarar definitivamente adoptado o acordo de aprobación da modificación da ordenanza fiscal núm. 5-I reguladora do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

28.11.14.- Declarar definitivamente adoptado o acordo de aprobación da modificación da ordenanza fiscal núm. 15-T reguladora da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana.

28.11.14.- Declarar definitivamente adoptado o acordo de aprobación da modificación da ordenanza fiscal núm. 12-T reguladora da taxa pola subministración de auga.

28.11.14.- Aprobación da conta xustificativa da subvención da anualidade 2014 dos gastos de funcionamento do GES subvencionado pola Dirección Xeral de Administración Local.

28.11.14.- Solicitude de subvención para o mantemento de conservatorios, escolas de música e escolas de danza municipais durante o ano 2015 á Deputación.

28.11.14.- Solicitude de subvención para a realización de actividades deportivas no ano 2015.

01.12.14.- Altas no padrón de habitantes no mes de novembro.

01.12.14.- Baixas no padrón de habitantes no mes de novembro.

01.12.14.- Aprobación de convenio de colaboración entre o Concello de Brión e o Concello de Castell-Platja d'Aro para a organización de encontros de arte e intercambio cultural de artistas plásticos galegos e del Empordá 2015/2016.

01.12.14.- Baixa definitiva do recibo da taxa de recollida do lixo correspondente ao padrón do lixo dos anos 2008, 2009, 2010, 2011, 2012, 2013 e 2014 dun veciño.

01.12.14.- Solicitude de subvención para a realización de investimentos culturais durante o ano 2015 á Deputación.

02.12.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 97,12 euros (CP Agro Novo).

03.12.14.- Aprobación de prórroga do contrato do servizo de axuda no fogar coa empresa Sociser Galicia S.L.

03.12.14.- Compensación da cantidade de 25.268,81 euros en concepto de liquidacións de tributos do ano 2014 da Deputación liquidadas ás entidades mercantís Urban Portfolio Inmobiliario S.L.; Urban Servicios Inmobiliarios S.L, e Urban Alkirá S.L.

03.12.14.- Solicitud de subvención para actividades de promoción económica 2015 á Deputación.

03.12.14.- Solicitud de subvención para a realización de actividades no ámbito do medio ambiente 2015 á Deputación.

03.12.14.- Solicitud de subvención para a realización de investimentos no ámbito do medio ambiente 2015 á Deputación.

03.12.14.- Solicitud de subvención para a realización de investimentos deportivos 2015 á Deputación.

03.12.14.- Solicitud de subvención para investimentos de promoción económica durante o ano 2015 á Deputación.

03.12.14.- Embargo de 126,43 € na nómina dun traballador a favor da Deputación da Coruña.

03.12.14.- Embargo de 256,08 € na nómina dun traballador a favor da Deputación da Coruña.

03.12.14.- Resolución de inicio procedementos sancionadores de tráfico.

04.12.14.- Desestimación do recurso de reposición interposto por Urban Servicios Inmobiliarios SL contra o decreto da alcaldía do 30.07.14 polo que se lle impuxo a dita entidade unha cuarta multa coercitiva para a execución forzosa dos decretos da alcaldía de 08.06.12 e 27.07.12.

04.12.14.- Reaxuste e aprobación da conta xustificativa da subvención concedida para a realización de accións de información, orientación e prospección de emprego.

04.12.14.- Solicitud de subvención para actividades de promoción dos recursos turísticos durante o exercicio 2015 á Deputación.

04.12.14.- Solicitud de subvención para investimentos en promoción turística durante o ano 2015 á Deputación.

04.12.14.- Adxudicación ao arquitecto técnico Juan Moreno Badía da execución do contrato de servizos de: coordinación da seguridade e saúde das obras que contrate ou execute por administración o Concello de Brión.

04.12.14.- Aprobación da certificación única da obra: mellora na praza do Concello.

05.12.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 4.765,57 euros (Cepsa Comercial Noroeste, S.L).

10.12.14.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio a dependentes correspondente ao mes de novembro.

10.12.14.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de novembro.

10.12.14.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación dos servizos da escola infantil municipal correspondentes ao mes de decembro.

11.12.14.- Adxudicación á empresa Helvetia Compañía Suiza, Sociedad Anónima de Seguros y Reaseguros, da execución do contrato privado de seguro de bens (continente e contido) do Concello de Brión.

11.12.14.- Adxudicación á empresa Helvetia Compañía Suiza, Sociedad Anónima de Seguros y Reaseguros, da execución do contrato privado de seguro de responsabilidade civil do Concello de Brión.

12.12.14.- Baixa no padrón de habitantes dunha veciña.

12.12.14.- Convocatoria Pleno ordinario a celebrar o 17 de decembro.

O Pleno toma coñecemento.

3º) MOCIÓNS.

Aprobouse por unanimidade dos trece membros presentes a urxencia da seguinte moción.

1º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO (BNG) SOBRE A CREACIÓN DUNHA TARIFA ELÉCTRICA GALEGA.

Dada conta polo Sr. Concelleiro Pena Espiña da moción sinalada, con rexistro de entrada no Concello núm. 5265, do 16 de decembro, que transcrita di:

O sector enerxético ten para Galiza un valor estratéxico, polo que representa no seu Produto Interior Bruto e por ser un factor relevante para a produción industrial.

A pesar desa importancia, Galiza apenas contou con capacidade para deseñar e aplicar unha estratexia enerxética propia, orientada a un aproveitamento endóxico dos seus recursos enerxéticos. Ao longo de anos, por decisións políticas, Galiza foise especializando na xeración de electricidade. Dese xeito, desempeñou un papel de centro subministrador de enerxía eléctrica para o resto do Estado español, con base no seu potencial hidroeléctrico e nos xacementos de carbón, acrecentado posteriormente co desenvolvemento do aproveitamento eólico e biomasa, e tamén coa construción de dous ciclos combinados de gas natural.

A potencia instalada fan de Galiza unha exportadora neta de electricidade como se pode comprobar na seguinte táboa:

ANO	ENERXÍA EXPORTADA
2001	46,0 %
2002	37,7 %
2003	41,9 %
2004	38,0 %
2005	26,9 %
2006	32,0 %
2007	33,0 %
2008	25,5 %
2009	37,1 %
2010	37,1 %
2011	30,2 %
2012	40,0 %
2013	O INEGA aínda non publicou os datos

Porén, e a pesar de que a xeración eléctrica leva aparelados uns moi importantes custos sociais e medioambientais, Galiza non tirou proveito desta actividade económica. Ao contrario, ao estar sometida a un marco regulatorio e tarifario común en todo o Estado español, ás decisións adoptadas polas empresas eléctricas que actúan en réxime de oligopolio a través dos seus centros de decisión afastados de Galiza, nunca recibiu vantaxes do aproveitamento dos seus recursos, mesmo sofre en amplas zonas do país unha deficiente calidade da subministración eléctrica. No que atinxe á homoxénea política tarifaria, hai que subliñar que a tarifa eléctrica que se paga en Galiza inclúe peaxes de solidariedade interterritorial, como é o caso dos custos extrapeninsulares (Canarias, Baleares, Ceuta e Melilla) que, no ano 2013, foron de 1.800 millóns de euros, cantidade pagada vía tarifas eléctricas.

No Estado español impúxose o criterio dun sistema eléctrico único e de tarifa única, prexudicial para Galiza ao tratar por igual aos consumidores dos distintos territorios, sen ter en conta a súa achega como produtores de enerxía. Poren, na nova Lei do Sector 24/2013, cuestiónase esa tarifa única, non con base nesas razóns de poder compensar vía tarifa os territorios que sofren os prexuízos ambientais de produciren enerxía, senón para penalizar as CCAA que impoñan impostos ambientais, ao recollerse a posibilidade - aínda sen desenvolver, da creación de suplementos territoriais onde houber impostos propios á actividade eléctrica (como en Galiza). Isto é, queda aberta a posibilidade a que en Galiza pagueamos aínda a electricidade máis cara por termos actividade de xeración no propio país. Como dicíamos, fica totalmente pechada calquera posibilidade de termos unha tarifa propia que nos permita ter vantaxes en función de sermos un país produtor de enerxía, como acontece en diversos estados europeos onde existen tarifas diferenciadas por territorios.

Neste sentido, Galiza debe demandar unha tarifa máis baixa (unha redución nas peaxes do 30%), para que realmente exista un beneficio económico para o propio país, para favorecer o consumo doméstico dunha poboación que ten as pensións e os salarios entre os máis baixos do Estado español e, tamén, para posibilitar o seu crecemento industrial.

A política sobre a tarifa eléctrica do Estado é un exemplo de despropósitos, agravado pola filosofía da reforma enerxética aprobada en 2014 polo PP que se asenta na premisa de considerar a enerxía eléctrica como un ben de consumo ordinario, suxeito exclusivamente á libre competencia e ao poder do reducido oligopolio de empresas eléctricas, no canto de considerar a electricidade un ben básico para a calidade de vida das persoas e do desenvolvemento económico, que debería estar intervido polo sector público e vetado a especulacións e negocios abusivos. Todo isto provoca que as tarifas eléctricas no Estado español sexan as terceiras máis caras para o consumo doméstico e as oitavas para o industrial, segundo unha comparativa de Eurostat sobre 30 estados europeos.

Isto débese a dúas cuestións. A primeira, as peaxes ou custos fixos do sistema, porque nelas se recollen cantidade de conceptos que non deberían estar soportados pola tarifa eléctrica, entre eles: custos extrapeninsulares, primas de capacidade, primas carbón español, moratoria nuclear, primas renovábeis, etc ..., partidas que deberían estar nos orzamentos do Estado español. Sería máis xusto fiscalmente e rebaixarían o prezo final da tarifa eléctrica.

Tamén é relevante o prezo da electricidade no mercado maiorista (ou pool), que retribúe do mesmo xeito sempre ao prezo da máis cara, a todas as tecnoloxías de xeración que funcionan en cada hora do día, sen distinguir os custos reais de produción, o que provoca uns hiperbeneficios para determinados sistemas, en concreto a hidráulica e a nuclear, o que provoca unha suba artificial dos prezos.

O último exemplo desta errática política enerxética é a situación creada respecto de grandes consumidores en Galiza, grandes empresas situadas no noso país por ser a súa actividade dependente da electricidade que, durante anos se viron sometidas a continuos cambios regulatorios ditados desde Madrid, sen contar para nada cos intereses do país. Desde a supresión en 2009 da tarifa G4, que era específica para empresas como ALCOA, até a regulación do sistema de interrompibilidade, cuxo sistema de poxa anual implantado polo PP desde finais de 2013, a través da nefasta reforma eléctrica, supón un modelo perverso pola súa cadencia anual, o que implica que moitas empresas non realizarán investimentos de modernización nas súas factorías ao non teren un sistema tarifario estable. Mesmo afecta a competencia leal, pois provoca que empresas do mesmo sector produtivo podan ter prezos moi diferentes de electricidade.

O escenario de tarifa eléctrica diferenciada, como dicíamos anteriormente, non é o único que existe en Europa ou nos USA. Tamén no caso do Estado español, na actual proposta de

peaxes eléctricos realizada polo Goberno central, logo dun pacto co Goberno de Euskadi, recolle o cambio de definición das redes de alta tensión para que teñan collida unha parte moi significativa da rede de distribución vasca, que neste caso é singular, o cal vai permitir a partir de 2015 uns prezos mais baixos para a industria de EuskalHerría, nunha rebaixa que se estima nun 15% nas peaxes e nun 12,5% no termo de enerxía.

No caso de Galiza, existen sobradas razóns para nos dotarmos dunha tarifa eléctrica propia que, ademais, evite a nosa desindustrialización.

Por iso, o grupo municipal mixto (BNG), solicita do Pleno do Concello de Brión a adopción do seguinte acordo:

1º) Instar á Xunta de Galiza a demandar do Goberno Español a creación dunha Tarifa Eléctrica Galega que, atendendo á condición de Galiza como excedentaria na produción de electricidade, rebaixe as peaxes das tarifas nun 30%, tanto para o consumo doméstico como para as empresas.

Debate:

O Sr. Alcalde sinala que o PSG-PSOE vai votar que si, apoiamos esta moción.

A Srª. Concelleira Vázquez García sinala que nós non estamos de acordo porque pensamos na solidariedade no Estado español e todos debemos ter os mesmos dereitos; imaxinemos que Madrid fíxese o mesmo porque é a comunidade autónoma que máis paga e recibe moito menos do que achega; saímos prexudicados na electricidade, pero beneficiados noutras cousas, nun Estado único deben existir as mesmas normas para todos e nós cremos na tarifa única.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que non é un tema fiscal, de que un achegue máis que outro, o que nós dicimos é que Galiza soporta os custes desa produción de enerxía, os asumimos nós, e algunha compensación debemos obter por iso, non é un tema fiscal, é un tema razoable, que se negocie algún tipo de compensación co Estado, isto é o que se formula na moción.

O Sr. Alcalde sinala que se no País Vasco o fixeron por que aquí non se negocia.

A Srª. Concelleira Vázquez García sinala que no País Vasco o tema é diferente.

O Sr. Alcalde sinala que polo feito de ser galegos valem un 2,8% menos os galegos que os de Madrid para o Estado español, e porque nos faga unha rebaixa do 30% tampouco nos parece tanto.

A Srª. Concelleira Vázquez García sinala que no País Vasco chegouse a un acordo polo tema do cambio de liñas, que estaban a pagar pola enerxía máis que nós.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 9, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8) e MIXTO (BNG)(1).

Votos en contra: 4, pertencentes ao grupo municipal do PP (4).

Abstencións: 0.

Queda aprobada a moción nos seus propios termos.

4º) ROGOS E PREGUNTAS.

1. Preguntas formuladas por escrito polo grupo municipal do PP:

1.1. O grupo municipal do Partido Popular do Concello de Brión formula a seguinte pregunta sobre o estado do polígono industrial de Pérros.

Tras dúas sentenzas en contra, no Tribunal Superior de Galicia no 2007 e no Tribunal Supremo no 2011, e a presentación dunha nova tramitación ante a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental para a modificación puntual do PXOM de Brión para implantación de solo urbanizable de uso industrial en outubro de 2013 onde se atopan numerosas deficiencias.

E despois de afirmar o Alcalde de Brión na prensa escrita a intención de dedicar esta zona a uso comercial, deixando aparentemente de lado o uso industrial do mesmo, preguntamos o seguinte:

1-. Vaise arquivar definitivamente ese proxecto para a implantación de solo industrial dado que, por unha banda hai varios erros na tramitación do expediente xa que non se aporta un estudo socio - económico, e non se fai referencia aos incendios forestais do 2006 nin se aportan alternativas viables á ubicación do polígono?

2-. E por outra banda, aínda que en declaracións na prensa por parte do Alcalde afirmase que se está a respectar ao 100% as sentenzas, o grupo popular considera que se segue empregando unha parte do terreo afectado polas sentenzas no novo estudo presentado perante a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental. Pode asegurar o Concello de Brión que ese novo estudo para a modificación puntual do PXOM de Brión para implantación de solo urbanizable de uso industrial non inclúe terreo afectado polas sentenzas de 2007 e 2011?.

O Sr. Alcalde responde que as sentenzas anularon o plan xeral e o plan parcial por considerar que os terreos eran merecedores de importancia ambiental, e por iso se tramita expediente para modificar o plan xeral, contratouse ao grupo Tau para o documento de inicio ambiental, e foi este equipo o que chegou á conclusión de que ese ámbito de protección afecta só a unha parte, mantendo o resto como solo urbanizable, nese trámite estamos agora, se mantiveron reunións e coas correccións oportunas vaise facer, e logo de aprobado remitirase ao tribunal para que se pronuncie sobre si se executou correctamente ou non a sentenza, porque está expresamente previsto que se pronuncie o propio tribunal.

Pregunta a Sr^a. Concelleira Vázquez García, e como van cumprir o tema dos incendios?

O Sr. Alcalde responde que estamos tratando de cumprir a sentenza, o grupo Tau e o asesor xurídico urbanístico do Concello estiman que se pode facer así a través dunha modificación puntual e cando estea rematado se lle enviará á Xunta e ao tribunal.

Pregunta a Sr^a. Concelleira Vázquez García, teñen pensado outra zona?.

Responde o Sr. Alcalde que nós non, vostedes parece que si, cremos que se pode situar alí porque é a mellor zona do Concello e o 98% dos propietarios dos terreos queren que se faga alí, é un tema máis político que xurídico, e xa se perderon instalacións de negocios por non ter o solo.

1.2. O grupo municipal do Partido Popular do Concello de Brión formula as seguintes preguntas sobre a organización da carreira pedestre da Amaia.

Unha vez analizado o informe técnico para o establecemento do prezo público pola asistencia á carreira do 30 de setembro de 2014 da última edición da carreira pedestre da Amaia, e tras constatar que o gasto final deste evento deportivo foi de 5.700 €, cifra totalmente desmesurada ao noso entender para unha carreira de menos de 300 participantes entre adultos e escolares.

Preguntamos o seguinte:

1-. Por que non se cumpre ningún dos catro apartados de gastos previstos no estudo de custos que se detalla no informe técnico, cando non é precisamente a primeira edición desta carreira e xa se deberían coñecer perfectamente os gastos?

2-. Cal é o motivo da compra de 1.200 camisetas cun custe de 3.660 €, cando no informe técnico se espera unha asistencia de 300 adultos, asistencia moi optimista cando na anterior edición soamente participaron 204 persoas?

3-. Por que non se intentan buscar patrocinadores que cubran os gastos de camisetas, bebidas e incluso trofeos como fan a gran maioría de carreiras populares de Galicia?

Responde o Sr. Alcalde que os gastos se coñecen por vostedes e están bastante ben feitos e presupostados, había unha previsión de 5.700 euros e se gastaron 1.159 euros máis que veñen do maior número de camisetas que será aforro nos anos seguintes nos que xa non haberá que comprar. A asistencia real foi de 278 participantes polo que non se afastou moito da previsión do informe técnico e o motivo da compra de 1.200 camisetas é polo aforro, porque pasouse de 3,40 euros a 3,05 euros por unidade e así temos cubertas as necesidades para as próximas anualidades, a razón de 400 camisetas para os anos 2014, 2015 e 2016.

Respecto do tema dos patrocinadores dicían vostedes que por que non se lle dicía á Deputación; a este respecto sinalar que a subvención que da a Deputación noutros sitios é de 800 euros para pagar aos xuíces, pero iso o facemos nós, e tamén llo podíamos dicir a construtores, iso o fan vostedes e despois pasa o que lles pasa a vostedes nos xulgados.

A Srª. Concelleira Vázquez García sinala que puido vostede comprar camisetas ata 2040.

O Sr. Alcalde sinala que estamos convencidos de que o ano que ven estaremos aquí e faremos a carreira, como se fixo en anos anteriores coas medallas, que tamén se compraron de máis e quedaron para outros anos.

2-. Rogos e preguntas formuladas por escrito polo grupo mixto (BNG):

2.1. Recentemente na estrada de Soigrexha colocáronse os chamados reductores de velocidade ou badéns. É evidente que nesta estrada hai que tomar medidas para limitar a excesiva velocidade coa que circulan moitos coches, o asunto é que inicialmente empezouse a colocar un tipo de reductores de maior altura, aparentemente non de maior altura aos 7 cm máximos, pero aos poucos días parece que se modificaron reducindo esta altura o que seguramente reduce a súa efectividade. Queremos saber o custe total definitivo desta obra e os criterios técnicos para a súa colocación.

Responde o Sr. Alcalde que a obra foi financiada pola Deputación da Coruña baixo un proxecto técnico da arquitecta técnica Paula Puga cun orzamento de 6.806,33 euros, se atopan rematadas e pendentes de recepcionar, instaláronse 2 pasos de peóns elevados e 4 lomos de asno, que a estrada ten limitación de velocidade a 50 pero se incumpre e pasa por moitos lugares e igualmente polo transporte escolar e houbo unha petición veciñal e atendeuse; se cumpre co disposto na normativa vixente, se ben durante a execución das obras houbo anomalías en primeiro lugar por freadas abusivas realizadas por camións de alto tonelaxe, en principio decidiuse facer en aglomerado en frío e cando chegaban os camións co remolque do

camiión freaban e o estragaban, decidiuse reutilizar iso para rebacheo e facelo con aglomerado en quente, á única dúbida é meter algún redutor máis, polas velocidades excesivas que se alcanzan alí, teñen a sinalización que marca a lei, e se fará a recepción polo técnico da Deputación e cando se xustifique se saberá o gasto total.

2.2. Seguimos a recibir queixas da situación na estrada de Pedrouzos, fundamentalmente no paso polo centro do núcleo de Pedrouzos á altura da Escola de Música. Vehículos de todo tipo seguen a circular con certa alegría convertendo as entradas e saídas da escola en perigosas. Entendemos que o Concello debe tomar decisións que eviten problemas maiores e neste sentido solicitamos que se reclame a Estradas de Galicia que coloquen bandas reductoras de velocidade, cando menos, nas proximidades da escola, que se instalen sinais luminosas de advertencia do perigo e mesmo que se limite o aparcamento na área da escola nas horas punta.

Responde o Sr. Alcalde que pouco hai que dicir, a estrada é de competencia autonómica, nós podemos facer pouco máis; hai pouco neste Pleno se dixo que esta estrada non era necesaria porque non tiña tráfico e agora parece ser que si; engade que a policía local está colaborando e así cando hai moita xente se lles informa dos sitios onde poden aparcar no antigo concello e parécenos ben pedirlle á Xunta que poña algún tipo de sinal, ou sinalización que acenda e apague, que marque ese perigo, porque badéns nunha estrada autonómica parece ser que non se poden poñer.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que non pasa nada ata que un día pasa e entón nos queixaremos todos; hai que previr, que é só nas horas punta, que pedir á Xunta esas melloras está perfectamente argumentado, que exerza a Xunta as súas competencias.

O Sr. Alcalde sinala que hai pouco fixeron cousas nesta estrada coas que tampouco estamos moi de acordo.

2.3. Seguimos insistindo cando se vai colocar a valla no entorno da casa da cultura na carballeira de Pedrouzos?

Responde o Sr. Alcalde que non lle o sei; podo dicirlle que se fixo un proxecto e mandouse a Patrimonio o 2 de outubro e foi á Comisión Territorial de Patrimonio Histórico o día 22 de outubro e din que será un cerre de patio inglés e polo tanto resolven non autorizar, e se lle enviou o día 7 de novembro un escrito dicíndolles que estabamos totalmente descontentos, que non había ningún patio, que simplemente é instalar unha barandilla, apercibíndolles que se lles fará persoalmente responsables aos compoñentes da comisión e institucionalmente á Xunta de Galicia polas posibles reclamacións que se presenten por posibles caídas.

O día 3 de decembro volveu o tema a unha nova comisión e non teño información ao respecto, eu espero que rectifiquen, que algún caso lle fixeron, porque puxeron para outro día o asunto en comisión.

2.4. Recentemente veciño/as de Baliño nos teñen feito chegar imaxes dun vertedoiro ilegal de lixo na entrada de Reboredo Pequeno despois de pasar os invernadoiros. Rogamos que se retire o lixo e se aperciba aos infractores das posibles sancións nas que poden incorrer se persisten no uso ilegal deste vertedoiro. Se achegan dúas fotografías.

Responde o Sr. Alcalde que vostede sabe a miña postura neste tema, so é levantar o teléfono, xa sei que hai eleccións en seis meses, que eu non sabía nada pero cando coñecín o tema quitouse inmediatamente, en dúas horas estaba retirado, o cal non quere dicir que non volva estar mañá e non podemos tomar medidas porque non sabemos quen os fai.

Remata o Sr. Alcalde desexando boas festas.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e cincuenta minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde

O secretario

Vº e Prace

José Luis García García

Javier Nieves González